



D. Florencio Blanco Conde: en calidade de Presidente da Unión de Asociacións de titulares de Tecores de Galicia "UNITEGA", titular do N.I.F. G-3244898, inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 900-02, con enderezo para os efectos de notificacións en Ctra./ Cerdedelo, num.41, 32 620 Laza (Ourense), tels. 988 422207-639289627. Visto o expediente que a solicitude de Faustino Rodríguez Gayoso, se tramita na Delegación Provincial de Ourense para a transformación do Couto Privado de "O Carballal", matrícula Ou- 10 089, en Tecor societario de Caza; e ante o feito de que o referido Couto Privado apareza sinalizado como tal e os seus socios pretendan o exercicio dos dereitos cinexéticos en exclusiva e sen prexuízo de outras alegacións cando se me facilite a copia completa do seu expediente, en base os seguintes:

A) Fundamentos de Feito:

1º.- O expediente estase a tramitar, cando xa van transcorridos, cinco anos e dous meses, da entrada en vigor da Lei 4/1997, de 25 de xuño de caza de Galicia (12 de outubro de 1997).

2º.- Que o Couto que se pretende transformar en tecor ten unha superficie de 461 has.(planimetradas sobre cartografía 1:25 000 do I.G.N.), como se acredita co Plano que se achega, copiado polos que obran no Servicio de Caza e Pesca Fluvial, superficie esta que non representa a superficie MINIMA de 500 has., que no seu día esixía o artigo 16.3 da Lei 1/1970, de 4 de abril, de Caza e o artigo 18.5, do Decreto 506/71, de 25 de marzo polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de Caza.

3º.- Que durante un largo periodo de **catro anos**, comprendidos entre o 12 de outubro de 1997 e o 11 de outubro de 2001, que a Lei de caza estableceu **para a vixencia i máxima existencia dos Coutos Privados de Caza**. Nin a Xunta Directiva, nin os socios do Couto Privado, OR- 10 089, de "O Carballal", realizaron no expresado prazo os tramites establecidos para estes supostos na Disposición transitoria segunda, puntos 3 e/ou 4.

4º.- Que no momento de entrada en vigor da Lei 4/1997, o Couto de "O Carballal" lindaba con outros coutos privados de caza (Camba e Laza) asi como con outros terreos de réxime cinexético común de Laza que **posibilitaban tanto a incorporación ou fusión entre eles, para a constitución de tecor ou mesmo para a creación dun tecor coparticipa.**

5º.- Que na actualidade, e de xeito incomprendible os terreos que antes integraban o Couto de "O Carballal" siguen sinalizados como tales e os seus "presuntos titulares" exercitan o aproveitamento cinexético en exclusiva sobre os mesmos, coa connivencia amosada pola Delegación Provincial de Medio Ambiente de Ourense, que verbalmente defende a postura da súa legalidade, existencia e exclusivo aproveitamento. Malia a por outra banda recoñer, que non existe Resolución Administrativa algunha que así o sustente.

B) FUNDAMENTOS XURIDICOS:

1º.- A disposición transitoria Terceira. 2 da Lei 4/1997, dispón: "**Cando os coutos existentes non alcancen a superficie mínima esixida, poderán seguir con igual réxime durante o referido prazo de catro anos. Transcorrido este prazo (11 outubro 2001), PASARAN A CONDICION DE TERREOS DE REXIME CINEXETICO COMUN, salvo que con anterioridade (11 outubro 2001), se integren con outros terreos colindantes para constituir un tecor compartido, se incorporen a un tecor xa constituido** ou soliciten e obteñan a transformación de ditos terreos nunha explotación cinexética de acordo coas disposicións que regulamenten esta figura.

2º.- Que o espírito da Lei 4/97, verbo dos futuros tecores é de que estes teñan unha superficie mínima de 2000 has. xa que a referida Lei na súa exposición de motivos ou preambulo atende a tres custións principais, entre as que suliña a necesidade dunha determinada superficie mínima para a viabilidade dos futuros tecores: **"A dimensión dos terreos cinexéticos para garantir un marco territorial suficiente tanto para o fomento da caza como para o seu exercicio equilibrado"**. Polo que non encontramos razón xurídica nin moral ningunha, que xustifique a excepcionalidade para a tramitación do presente expediente.

3º.- Que resulta manifesta e clara a vontade dos directivos do "por imperativo legal" extinto couto de "O Carballal" de non acollerse ás posibilidades que lle brindaron as disposicións transitorias da Lei 4/1997, pretendendo UN CLARO FRAUDE LEGAL, máxime cando nun escrito, de data 22 de novembro de 2001, do Xefe de Servicio de Caza e Pesca Fluvial (Jesus B. Marquina Olmedo), di textualmente: " De acordo coa redacción da lei (Lei 4/97), a adopción da formula de TECOR COMPARTIDO, é subsidiaria das de fusión e de absorción, e só no caso de que ningunha destas formulas fose posible, se poderá aceptar a transformación dos coutos en Tecor". Máxime cando o Tecor Societario de Laza, mediante acordo adoptado unánimemente pola súa asemblea xeral, acordou a integración ou absorción dos citados terreos no seu Tecor. (Documento este, que obra no expediente da súa razón e que a Administración pode verificar).

4º.- Que son nulas de PLENO DEREITOS , segundo establece o artigo 62.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común: " as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, AS LEIS ou outras disposicións administrativas de rango superior,"

Sen entrar a valorar outras irregularidades de tipo administrativo observadas na tramitación do expediente, entendemos:

A) Que, tendo en conta o prazo de CADUCIDADE que establece a Disposición Transitoria Terceira. 2 da Lei 4/97, estes terreos SON DE REXIME CINEXETICO COMUN.

B) Que calquera resolución (disposición administrativa), que se dicte a favor de constitución ou transformación do Couto de "O Carballal" en Tecor é nula de pleno dereito.

C) Que dado que, o non reunir no seu día o couto de "O Carballal" a superficie mínima esixida no seu momento para constituirse como Couto de Caza, este adoece de NULIDADE RADICAL OU DE PLENO DEREITO "ex tunc", polo que xuridicamente hai que consideralo mesmo inexistente a todos os efectos legais.

Sen prexuízo de todo lo exposto, UNITEGA,

SOLICITA informe escrito sobre as seguintes custións.

A) Teñen pagado as taxas polo Couto de "O Carballal"

B) Identificación da Autoridade e Funcionario, responsables de manter a pervivencia do Couto "O Carballal". e se lle dé traslado do documento que xustifique esta conducta.

D) Que se lle explique, por qué a tempada pasada estes terreos se consideraron a todo-os efectos como de réxime cinexético común ¿Cómo uns terreos poden cambiar de réxime cinexético sen unha resolución que así o declare?



Laza, 13 de decembro de 2002

O Presidente

Ami Nou

Sr. Xefe do Servicio de Caza e Pesca Fluvial de Ourense